

A pelexa

Unha mañá, nunha pequena aldea africana, dúas lagartas comezaron a pelexar por un mosquito.

Un can que por alí pasaba intentou separalas, pero sen éxito. Tan enleadas estaban na pelexa que nin sequera o escoitaron.

O can marchou correndo en busca do seu amigo o galo, a quen consideraba un animal asisado, pois tiña todo o galiñeiro baixo o seu control.

- Amigo galo, necesito a túa axuda para poñer paz entre dúas lagartas. Acompáñame, por favor!

-Eu coido do galiñeiro -contestou o galo-. Ese non é o meu problema!

Correu entón o can en busca do boi; era un animal forte e podería axudalo a separalas.

-Amigo boi, necesito a túa axuda para poñer paz entre dúas lagartas. Acompáñame, por favor!

-Eu ocúpome dos meus problemas -contestou o boi-. Os problemas dos demais non son o meu problema.

Correu entón o can en busca do burro, a quen todos consideraban un animal vello e sabio.

- Amigo burro, necesito a túa axuda para poñer paz entre dúas lagartas. Acompáñame, por favor!

-Mira amigo -contestou o burro-, levo todo o día traballando e estou canso...Déixame de lérias!

Entrementres as dúas lagartas gabearan pola parede dunha choza e estaban xa no tellado de palla. Dentro, unha velliña moi vella preparaba a súa comida no fogar. De súpeto, a palla do tellado caeulle enriba do lume e toda a casa comezou a arder.

Cando chegaron os seus veciños nada puideron facer: a velliña morrera.

Daquela, a xente da aldea foi buscar o burro e cargárono con enormes baldes de auga para apagar o lume. Durante dous días o burro non deixou de carrexar auga e máis auga, ata quedar extenuado.

Logo, a aldea preparou unha gran festa, para celebrar que aquela muller disfrutara dunha longa e feliz vida. E como non hai boa celebración sen unha boa comida, mataron o galo e mais o boi para preparar ricas viandas para toda a xente da aldea.

1.- Espazo da narración.

2.- Tempo da narración.

3.- Personaxes.

4.- Narrador.

5.- Que ensinanza podemos deducir do conto anterior?